

O VELLO CÁRCERE VERÁN



· 2025 ·

DO 30 DE XUÑO
AO 5 DE SETEMBRO

NENOS E NENAS
NADOS/AS ENTRE 2013 E 2021
(AMBOS INCLUÍDOS)

INFORMACIÓN:
982 297 195 | vellocarcere@lugo.gal



BASES E NORMAS VERÁN O VELLO CÁRCERE

1. OBXECTO

O Centro Sociocultural O Vello Cárcere organiza unha Programación de verán infantil, de balde, na que se realizarán actividades de ocio, educativas e lúdicas. As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de matriculación neste programa.

2. DESTINATARIOS/AS

Poderán ser destinatarios/as do programa os **nenos e nenas empadroados/as no Concello de Lugo, nados/as entre os anos 2013 e 2021, ambos incluídos.**

O total de usuarios/as do programa será de **20 por cada quenda.**

Os nenos e nenas que opten a praza deberán de ser autónomos/as para ir ao baño, sen excepción.

3. LUGAR, DATAS DE CELEBRACIÓN E HORARIOS

O programa Verán O Vello Cárcere realizarase nas instalacións do Centro Sociocultural O Vello Cárcere (Praza da Constitución, s/n), de luns a venres (quedando excluídos sábados, domingos e festivos).

As actividades organizaranse por quendas bisemanais, que darán comezo o día 30 de xuño do 2025 e rematarán o 5 de setembro do 2025, ambos incluídos.

QUENDA	NÚMERO DE PRAZAS
1. Do 30 de xuño ao 11 de xullo	20
2. Do 14 de xullo ao 24 de xullo	20
3. Do 28 de xullo ao 8 de agosto	20
4. Do 11 de agosto ao 22 de agosto	20
5. Do 25 de agosto ao 5 de setembro	20

As actividades darán comezo ás **10:15h.** e finalizarán ás **13:45h.** Establécese un horario de chegada e outro de recollida para facilitar dita tarefa aos titores/as dos/as menores usuarios/as deste programa:

- **Horario de chegada e benvinda: de 10:00h. a 10:15h.**
- **Horario de recollida: de 13:45h. a 14:00h.**

A recollida dos/as participantes realizarase por parte das persoas que presentaron a inscrición. No caso de non ser así, a persoa que acuda debe estar autorizada por escrito polos/as pais/nais ou titores/as do/a menor. **Será necesario contar cunha autorización proporcionada polo centro antes da recollida do/a menor.** Realizarase por escrito na propia solicitude ou ben, se é algo puntual, cubrindo dita autorización e facendo a súa achega presencialmente ou por correo electrónico. As persoas autorizadas para a recollida **NON poderán ser menores de idade. Non será posible que as/os participantes acudan ou abandonen a actividade sen estar acompañadas/os por unha das persoas autorizadas.**

4. ACTIVIDADES, NORMAS DE PARTICIPACIÓN E MATERIAIS

As actividades deste programa serán fundamentalmente de contido artístico e lúdico, con temáticas variadas como a reciclaxe, a promoción da lingua, valores... contando con tempo de xogo e lecer.

O horario do programa é:

- De luns a vernes polas **mañás de 10:00h. a 14:00h.**

Normas:

- Os/as participantes **non poderán saír ou abandonar a actividade sen o acompañamento do pai, nai ou titores/as autorizados/as.**
- Gardaranse as normas de **respecto** entre os/as usuarios/as e os/as monitores/as. As persoas participantes deberán seguir as directrices sinaladas en todo momento polo persoal responsable e monitores/as do programa. Non está permitido ningún tipo de comportamento violento, físico e verbal.
- Todos/as os/as usuarios/as do programa *Verán O Vello Cárcele* **deberán asistir e participar nas actividades programadas** durante as dúas semanas que dura a quenda, agás **xustificación oportuna.**
- No caso de que a persoa participante presente **algunha enfermidade, alerxia ou información relevante** que se considere que poida influír na participación dalgunha actividade ou pola que sexa necesario prestar

especial atención, **deberá comunicarse** á organización antes do inicio das actividades.

- Os/as usuarios/as do programa **deberán manter unha hixiene individual** diaria adecuada para o correcto desenvolvemento do programa e boa relación interpersoal.
- Todos/as os/as participantes **deberán asistir** con **roupa cómoda** e ademais cun **mandilón ou similar** para protexer a roupa durante as actividades.
- Todos/as os/as participantes deberán acudir cunha **mochila** ben identificada (etiqueta, pegatina, marca, etc.) que inclúa os seguintes enseres, tamén identificados:
 - Unha pequena merenda para repoñer forzas a media mañá e seguir desfrutando con enerxía.
 - Botellín de auga.
 - Gorra para protexerse do sol durante as actividades ao aire libre.
- **Non está permitido utilizar durante as actividades:** teléfono móbil, consolas e ningún outro dispositivo electrónico. Tampouco é recomendable traer obxectos de valor que sexan innecesarios ou delicados. **A organización do programa non se fará responsable da perda, roubo ou extravío de ditos obxectos.**
- **O incumprimento destas normas por parte dos/as participantes suporá a toma de medidas oportunas por parte da organización,** reservándose o dereito de expulsión se considera que a situación producida pode influír de forma negativa no correcto desenvolvemento do programa.

5. SOLICITUDES

O **impreso de solicitude de inscrición e estas bases** estarán dispoñibles na páxina web (sección 'Novas'): <https://ovellocarceredelugo.gal/category/novas/> e na Recepción do Centro Sociocultural O Vello Cárcere.

O MODELO DE INSCRICIÓN deberá estar debidamente cumprimentado en todos os seus campos e firmado polo/a representante legal do/a menor (pai/nai/titor legal), sen tachaduras que poidan inducir a erro. **A inscrición deberá enviarse por correo electrónico dende o día 2 de xuño ás 11:00h. ao 11 de xuño ás 20:00h., ao seguinte enderezo: vellocarcere@lugo.gal. As inscricións recibidas fóra destas datas e franxa horaria non serán admitidas.**

No **caso excepcional** de non poder realizar a solicitude vía correo electrónico, **tamén se poderá presentar de xeito presencial** no Centro, dende o cal se dixitalizará para que conste data e hora na que foi realizada.

NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS QUE NON ESTEAN PRESENTADAS POR CORREO ELECTRÓNICO.

Poderanse solicitar, por orde de preferencia, varias quendas por usuario/a, outorgándose unha única quenda por participante. As solicitudes de inscrición para irmáns haberán de cursarse xuntas. No caso de que, unha vez realizada a listaxe final de 20 prazas, un irmán resultara admitido e o/s outro/s non, consideraranse todos como admitidos facilitando así a conciliación familiar.

6. CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

As prazas outorgaranse por rigurosa orde de inscrición.

A **listaxe de admitidos** publicarase o día **13 de xuño na páxina web** (sección 'Novas'): <https://ovellocarceredelugo.gal/category/novas/>. As persoas admitidas recibirán un correo electrónico confirmando a súa inscrición. **As persoas que NON resulten beneficiadas**, pasarán a formar parte dunha **lista de agarda** por estrita orde de solicitude.

Unha vez admitidos, deberase aportar a documentación necesaria para realizar a formalización de inscrición. **O prazo de formalización será dende o día 14 de xuño ás 11:00h. ao 20 de xuño ás 20:00h.**

- **Documentación para formalización da inscrición:**
 - Fotocopia por ambas caras do DNI/NIE/Pasaporte do pai/nai ou titor/a legal que presente a solicitude.
 - Fotocopia por ambas caras do DNI/NIE/Pasaporte do/a menor.
 - Fotocopia do DNI da/s persoa/s autorizadas na folla de inscrición para a recollida do/a(s) menor(es).
 - Fotocopia do padrón do/a(s) menor(es).

De non formalizarse a inscrición no prazo establecido perderase o dereito á praza, podendo esta ser cuberta polo primeiro neno/a da lista de agarda.

Debido á demanda da actividade para esta edición, na **terceira falta de asistencia sen a xustificación oportuna, o/a participante causará baixa na actividade solicitada**, recurríndose de novo á lista de agarda para cubrir dita praza.

No caso de quedar prazas libres unha vez rematada a lista de agarda, poderán cubrirose con participantes que xa optaran a outras quendas. De ser así, a organización do programa porase en contacto (vía telefónica/correo electrónico) coas persoas solicitantes.

7. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Cáncer Persoal, infórmaselles de que os seus datos persoais son tratados polo Concello de Lugo coa finalidade de tramitar a súa solicitude. A persoa titular poderá exercer os seus dereitos de oposición, acceso, rectificación ou cancelación, a través do Rexistro Xeral deste Concello, con domicilio na Pza. Maior s/n, onde lle facilitarán o impreso correspondente, ou na forma prevista na Lei 30/1992, de 26 de novembro.

8. CONSENTIMENTO EXPRESO

A presentación cumprimentada da solicitude de participación no programa *Verán O Vello Cárcere* supón a total aceptación destas bases.